

e de conformidade coa proposta da Dirección Xeral de Centros e Ordenación Educativa, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Autorizar a oferta modular dos ciclos formativos polo réxime de persoas adultas, nos módulos e centros relacionados no anexo I, a partir do curso 2003-2004.

Segundo.-Autorizar a oferta modular dos ciclos formativos, polo réxime de persoas adultas, de xeito experimental, nos centros dependentes da Consellería de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais, nos módulos e centros relacionados no anexo II, a partir do curso 2003-2004.

Terceiro.-Requirirase un mínimo de 10 alumnos para poder impartir os ditos ciclos formativos, non contabilizándose para estes efectos o alumnado repetidor.

Un número menor de alumnos exige a autorización expresa da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais para pór en funcionamento este ensino, non podendo, mentres tanto, formalizar ningunha matrícula. Esta condición do número mínimo de alumnos debe ser posta en coñecemento dos interesados no momento da súa preinscrición.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízanse as direccións xerais de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, de Centros e Ordenación Educativa e de Persoal para tomar as medidas precisas para a execución desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2004.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

ANEXO I

Ribadeo	27010945	IES Porta da Auga	ZM08001	CM acabamentos de construción	Paneis prefabricados
Marín	36015159	IES Chan do Monte	ZM04001	CM xestión administrativa	Formación en centros de traballo
Redondela	36019566	IES de Chapela	ZS19003	CS dietética	Formación en centros de traballo

ANEXO II

Santiago de C.	15032391	Centro Nacional de Formación Ocupacional	ZS15002	CS produción de madeira e moble	-Fabricación automática e industrias de madeira e moble -Acabamento industrial en carpintería e moble
Vigo	36024525	Centro de Formación Ocupacional de Coia	ZS10114	CS produción por mecanizado	-Programación de máquinas de control numérico para fabricación mecánica
			ZS17002	CS mantemento de equipo industrial	-Montaxe e mantemento dos sistemas hidráulico e pneumático

Orde do 16 de abril de 2004 pola que se publica o protocolo de avaliación elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación (CGIACA), relativo aos criterios e méritos de valoración, e ao procedemento para solicitar os complementos de recoñecementos ao labor docente e ao labor investigador.

A Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades, establece nos seus artigos 55 e 69 que as comunidades autónomas poderán establecer retribucións adicionais vencelladas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión.

En desenvolvemento do anterior publicouse a Lei 1/2003, do 9 de maio, dos Consellos Sociais do Sistema Universitario de Galicia, que establece a capacidade do Consello Social para acordar, dentro dos límites fixados pola Comunidade Autónoma, a asignación singular e individualizada de retribucións

adicionais ligadas a méritos docentes, investigadores e de xestión, e o Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, que establece estas retribucións adicionais para o profesorado contratado das universidades.

Posteriormente publicouse o Decreto 55/2004, do 4 de marzo, polo que se establecen as retribucións adicionais vinculadas a méritos individuais docentes, investigadores e de xestión do profesorado universitario, remitindo nos seus artigos 4 e 8 e na súa disposición transitoria a un protocolo de avaliación.

Este protocolo de avaliación que se publica a través desta orde afecta a dous complementos; o complemento de recoñecemento ao labor docente e complemento de recoñecemento ao labor investigador, deixando para outro protocolo posterior, que elabore a Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación, o desenvolvemento relativo aos criterios e méritos de recoñecemento á excelencia curricular

docente e investigadora e ao complemento de recoñecemento polos cargos de xestión.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria, e visto o protocolo elaborado pola Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación, procédese a publicar este.

En virtude do anterior, esta consellería

DISPÓN:

Disposicións xerais e méritos específicos dos complementos

Artigo 1º.-Obxecto.

O obxecto desta orde é publicar o protocolo de avaliación a que se refire o Decreto 55/2004, do 4 de marzo, para o efecto de que os profesores coñezan os criterios e méritos de valoración, e o procedemento para solicitar os complementos de recoñecemento ao labor docente e ao labor investigador.

Artigo 2º.-Complemento de recoñecemento ao labor docente.

Para o recoñecemento do dito complemento será necesario cumprir os requisitos sinalados no artigo 6, parágrafo 1º, do Decreto 55/2004.

Valorarase a formación académica, a experiencia e a mobilidade.

Formación académica e complementaria. É aquela que proporciona a titulación ou titulacións universitarias dos que sexa posuídor o profesor universitario. Valorarase, se é o caso, a obtención de máis dunha titulación universitaria.

Experiencia docente. Considérase o conxunto de actividades desenvolvidas polo solicitante durante a súa carreira profesional no campo da docencia.

Mobilidade. Se é o caso, desenvolvemento de actividades de ámbito universitario realizadas fóra do centro de traballo no campo da docencia.

Artigo 3º.-Complemento de recoñecemento ao labor investigador.

Para o recoñecemento do dito complemento será necesario cumprir o requisito sinalado no artigo 6, parágrafo 2º, do Decreto 55/2004.

Valorarase a experiencia investigadora e a mobilidade.

Experiencia investigadora. Considérase o conxunto de actividades desenvolvidas polo solicitante durante a súa carreira profesional no campo da investigación.

Mobilidade. Se é o caso, desenvolvemento ou participación en investigacións realizadas fóra do centro de traballo.

TÍTULO I
Procedemento

Artigo 4º.-Procedemento de solicitude.

1. O interesado presentará en modelo normalizado segundo os anexos I e II a súa solicitude dirixido ao presidente da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia e irá acompañada da documentación xustificativa dos méritos alegados de conformidade co disposto no protocolo de avaliación establecido.

2. Unha vez estea a documentación en posesión da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, seralle remitida á Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación que, logo de estudo, análise, verificación e certificación dos méritos nos que se sustenta a solicitude, emitirá a correspondente proposta de valoración. A proposta da Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación deberá estar motivada e será vinculante para o Consello de Dirección da Axencia.

3. O Consello de Dirección da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia emitirá os respectivos acordos nos que se conteñan as valoracións positivas ou negativas dos méritos nos que se sustentan as solicitudes, para o que fará súas as propostas motivadas e vinculantes elaboradas pola Comisión Galega de Informes, Avaliación e Acreditación.

4. Estes acordos remitiranse aos respectivos Consellos de Goberno das universidades de Galicia onde presten os seus servizos os profesores solicitantes, que os elevarán aos seus respectivos consellos sociais, órgano este que decidirá, de acordo con estas propostas, a asignación singular e individual dos referidos complementos retributivos.

Artigo 5º.-Período de solicitude.

1. A través do Consello de Dirección e no seu nome o presidente da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, faranse dúas convocatorias anuais ordinarias para a presentación das solicitudes para a asignación dos complementos retributivos, sen prexuízo de que poidan facerse as convocatorias extraordinarias por causas excepcionais e debidamente motivadas, repectándose os requisitos formais e de tramitación previstos para as convocatorias ordinarias.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Autorízase o director xeral de Universidades para dictar as disposicións necesarias de desenvolvemento ou aplicación desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 2004.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación
Universitaria

ANEXO I

**SOLICITUDE DE RETRIBUCIÓNS ADICIONAIS VENCELLADAS A MÉRITOS INDIVIDUAIS
DOCENTES, INVESTIGADORES E DE XESTIÓN**

1. DATOS DO SOLICITANTE

1º apelido	2º apelido	Nome	DNI
Enderezo		Data nacemento	Sexo
Código postal	Cidade	Provincia	
Teléfono	Fax	Correo electrónico	
Profesor: CU <input type="checkbox"/> TU <input type="checkbox"/> CEU <input type="checkbox"/> TEU <input type="checkbox"/> CD <input type="checkbox"/>		Universidade:	
Centro:		Departamento:	
Área de coñecemento:			Código:

2. RETRIBUCIÓN ADICIONAL SOLICITADA. Os interesados marcarán cunha aspa a/s retribución/s que soliciten. Deberán presentar a solicitude acompañada da documentación acreditativa e do historial académico conforme a este modelo normalizado.

1.- Complemento de recoñecemento ao labor docente		<input type="checkbox"/>
Data da toma de posesión	a) Antes do 1 de xullo de 2002	Si: <input type="checkbox"/> Non: <input type="checkbox"/>
	b) Despois do 30 de xuño de 2002, data: de de	
2.- Complemento de recoñecemento ao labor investigador		<input type="checkbox"/>
Data da obtención do título de doutor	a) Antes do 1 de xullo de 2002	Si: <input type="checkbox"/> Non: <input type="checkbox"/>
	b) Despois do 30 de xuño de 2002, data: de de	

3. DOCUMENTACIÓN QUE SE XUNTA. Sinalar cunha aspa o tipo de documentación que se xunta á solicitude. As distintas certificacións poderanse presentar nun mesmo documento cando sexa a mesma Institución a encargada de emitilas.

1.-Fotocopia do DNI ou documento equivalente.	<input type="checkbox"/>
2.-Certificado de estar integrado no cadro de persoal da universidade como funcionario e ter dedicación a tempo completo e antigüidade na praza de máis dun ano	<input type="checkbox"/>
3.-Xustificación de grao de doutor (non será preciso para os solicitantes que sexan profesores de corpos docentes nos que exixa o título de doutor)	<input type="checkbox"/>
4.- Breve memoria de autoavaliación do labor docente Número de rexistro persoal	<input type="checkbox"/>
5.- Breve memoria de autoavaliación do labor investigador Título da tese Cualificación obtida	<input type="checkbox"/>
6.-Outros documentos (indicar cales):	

4. ENDEREZO DO SOLICITANTE PARA EFECTOS DE NOTIFICACIÓN

--

Santiago de Compostela, de de 200

Sinatura do solicitante

ANEXO II

MODELO NORMALIZADO DE MEMORIA DE AUTOAVALIACIÓN DO LABOR DOCENTE

Formación académica e complementaria:

Experiencia docente:

Mobilidade, se é o caso:

MODELO NORMALIZADO DE MEMORIA DE AUTOAVALIACIÓN DO LABOR INVESTIGADOR

Experiencia investigadora:

Mobilidade, se é o caso:

Outros méritos:

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA
AGROALIMENTARIA E
DESENVOLVEMENTO RURAL**

Orde do 19 de abril de 2004 pola que se modifica o regulamento da denominación de orixe Ribeiro e o seu consello regulador.

Por Orde do 2 de febreiro de 1976 aprobouse o regulamento da denominación de orixe Ribeiro e o seu consello regulador, en que se recolleron, como é habitual neste tipo de normas, as características máis sobranceiras dos viños elaborados nesta comarca e as técnicas vitivinícolas admitidas para a súa obtención.

Porén, nese texto non se recolleu un tipo de viño tradicional da comarca que, aínda que con pequenos volumes de produción, atinxiu, contra finais do século XIX e principios do século XX, unha grande sona, que transcendeu fóra do territorio do Ribeiro.

Este viño, coñecido co nome de Tostado, é un viño doce obtido a partir da selección das mellores uvas, principalmente brancas das variedades autóctonas, que se sometían a un proceso artificial de secado en locais (sequeiros ou pendellos) con ventilación. Posteriormente, durante o inverno ou principios da primavera procedíase á prensa da uva e á filtración previa á fermentación. Despois o viño maduraba en cubas de madeira antes do seu consumo.